# Circuito galego individual 2016

http://www.fegaxa.org/wp-content/uploads/2016/11/WEB_ClasificacionFinalCircuitoPromocion2016-1.pdf

**Circuito Galego Individual para xóvenes 2016 – Federación Galega de Xadrez**

O pasado Sábado día 5 de Novembro de 2016 tivo lugar en Vilagarcía de Arousa a derradeira proba puntuable do Circuito Galego 2016 (O open "McDonalds"). O circuito Galego para xóvenes é unha das principais actividades oficiais da Federación Galega de Xadrez, celébrase con carácter anual e desenvólveuse desde Abril ata Novembro de 2016. Nada menos que 18 probas puntuables son as que compoñen o calendario de eventos puntuables que se celebran ao longo e amplo da xeografía galega anualmente. Hai que salientar que dúas delas foron celebradas na nosa provincia, e que ademáis foron, de longo, as máis participativas deste Circuito Autonómico 2016.

No terreo individual hai que salientar o magnífico papel dos xóvenes xadrecistas ourensáns que acadaron 4 dos 16 premios en litixio da clasificación xeral combinada, con un Ouro, unha prata e dous bronces.

Así, na categoría Sub-14, Martín Gómez Carreño (Club Xadrez Ourense), proclamouse vencedor do Circuito Galego 2016, por diante do Coruñés Jorge Méndez (Xadrez Padrón) que rematou segundo. Hai que salientar nesta categoría o exemplar "sprint final" de Mateo Díaz (Club Xadrez Ourense), que tras un emocionante final nas derradeiras probas puntuables, conquistou finalmente o bronce nesta difícil categoría.

En categoría Sub-12, o Pontevedrés do club Fontecarmoa de Vilagarcía, Andrés Rodríguez Ferreirós foi o vencedor, pero a prata e o bronce viaxaron cara a nosa provincia de mans de César Pérez (Casa da Xuventude) e de Marcos Vázquez (Club Xadrez Ourense). Tamén hai que salientar o excelente papel de Xacobe Conde e de Laura Gómez (ambos compañeiros no Club Xadrez Ourense), que a piques estiveron de acadar pódio tanto en masculino como en féminas.

Nas categorías Sub-8 e Sub-10 cabe salientar o papel realizado polos irmáns Pura e Benjamín Diéguez Nóvoa, respectivamente, (ambos do Club Xadrez Benchoshey, de Pereiro de Aguiar), que tamén estiveron a piques de meterse entre os premiados das súas respectivas clasificacións xerais. Así, Benjamín conquistou o 5º lugar da clasificación xeral en sub-10, mentres que Pura, en Sub-8, tamén rematou 5ª da xeral, ademáis de subcampiona en féminas.

A Federación Galega otorgaba premios aos 3 primeiros clasificados da xeral, ademais da 1ª fémina, de cada unha das 4 categorías, así pois os xadrecistas ourensáns están de noraboa ao ter acadado 4 dos 16 premios en litixio.
Ademais, na clasificación por Clubs hai que destacar de xeito especial o papel completado polo Club Deportivo Xadrez Ourense, que foi o club galego máis premiado con tres xadrecistas medallistas.

A clasificación final por clubs e por número de podios rematou do seguinte xeito: Club Deportivo Xadrez Ourense (3 podios), Peleteiro de Santiago de Compostela e Fontecarmoa de Vilagarcía (2 podios), Brétema de Póboa do Caramiñal, Escola Xadrez Pontevedra, Círculo Chantadino, Círculo Ferrolano, Lucena de Vigo, Escola Luguesa, Xadrez Marín e Xadrez Padrón (1 pódio).

No terreo organizativo, tamén hai que salientar a especial importancia que cobraron as dúas probas disputadas na nosa provincia, O "Ourense en Xaque" (4 de Xuño) e o "Festival Internacional de Expourense" (30 de Outubro), que, un ano máis, foron de longo as dúas probas máis participativas de todas cantas componen o Circuito Galego. (Ver Comparativa de participación das 18 probas puntuables)

Elías González Gil

# Cadro de Honra - Circuito Galego Individual 2016

*Proba oficial da Federación Galega de Xadrez*

**Categoría Sub-14**

| | | |
|---|---|---|
| 1º | Martín Gómez Carreño | (Club Xadrez Ourense) |
| 2º | Jorge Méndez Rial | (Xadrez Padrón) |
| 3º | Mateo Díaz Gómez | (Club Xadrez Ourense) |
| 1ª fémina: | Paula García Álvarez | (Xadrez Marín) |

**Categoría Sub-12**

| | | |
|---|---|---|
| 1º | Andrés Rodríguez Ferreirós | (Fontecarmoa Vilagarcía) |
| 2º | César Pérez Dapoza | (Casa da Xuventude) |
| 3º | Marcos Vázquez Gómez | (Club Xadrez Ourense) |
| 1ª fémina: | Marta Quintas Fernández | (Escola Luguesa) |

**Categoría Sub-10**

| | | |
|---|---|---|
| 1º | Xabier Pérez Ochandategui | (Círculo Chantadino) |
| 2º | Raúl Seoane Castilla | (Círculo Ferrolán) |
| 3º | Javier Caudet Soto | (Lucena de Vigo) |
| 1ª fémina: | Paula Suárez Gómez | (Fontecarmoa de Vilagarcía) |

**Categoría Sub-8**

| | | |
|---|---|---|
| 1º | Alejandro Cereijo Suárez | (Peleteiro de Santiago de Compostela) |
| 2º | Iago Fernández Ramos | (Brétema de Póboa do Caramiñal) |
| 3º | Brais Moreira Novo | (Escola Xadrez Pontevedra) |
| 1ª fémina: | Nerea Cereijo Suárez | (Peleteiro de Santiago de Compostela) |

## Premios obtidos por Clubs:

| | |
|---|---|
| **Club Xadrez Ourense** | *3 premiados* |
| **Peleteiro de Santiago** | *2 premiados* |
| **Fontecarmoa de Vilagarcía** | *2 premiados* |
| **Círculo Chantadino** | *1 premiado* |
| **Casa da Xuventude** | *1 premiado* |
| **Círculo Ferrolán** | *1 premiado* |
| **Brétema** | *1 premiado* |
| **Escola Xadrez Pontevedra** | *1 premiado* |
| **Xadrez Padrón** | *1 premiado* |
| **Xadrez Marín** | *1 premiado* |
| **Escola Luguesa** | *1 premiado* |
| **Lucena de Vigo** | *1 premiado* |

## Circuito Galego de Promoción 2016

### Participación total dos 18 torneos por torneo do circuito 2016

*(Faise referencia ao número total de participantes por torneo, con referencia expresa ás categorías propias do circuito: Sub-14, sub-12, sub-10 e Sub-8)*

| Data | Torneo / Localidade | Participantes Sub8 | Participantes Sub10 | Particiapantes Sub12 | Participantes Sub14 | Participantes Totais nas Categorías do Circuito | Participantes Totais no evento |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.5.16 | "Torneo Internacional Vila de Noia" | 19 | 27 | 27 | 15 | 88 | (47 Absolutos) 135 |
| 7/8.5.16 | "Peón de Ouro", (Mondariz Balneario) | 38 | 43 | 38 | 12 | 141 | (58 S16 / Acompañantes) 190 |
| 14.5.16 | "Castelo Santa Cruz", (A Guarda) | 31 | 31 | 26 | 16 | 104 | (42 Absolutos) 146 |
| 17.5.16 | "Santa Rita", (Vilagarcía) | 19 | 32 | 29 | 25 | 105 | (7 feminino) 112 |
| 21.5.16 | "Ramiro Sabell", (Ponteareas) | 38 | 33 | 28 | 18 | 117 | |
| 28.5.16 | "Pontexadrez", (Pontevedra) | 50 | 41 | 44 | 31 | 166 | (78 Absolutos) 244 |
| 4.6.16 | "Ourense en Xaque", (Ourense) | 72 | 62 | 52 | 22 | 208 | (17 Sub-18) 225 |
| 11.6.16 | "Memorial Dani da Rocha", (Nigrán) | 36 | 43 | 37 | 25 | 141 | (18 Sub-20) 159 |
| 18.6.16 | "Distribunosa", (Padrón) | 21 | 27 | 37 | 21 | 106 | |
| 27.8.16 | "Torneo Internacional Concello Rianxo" | 29 | 23 | 21 | 17 | 90 | (134 Aficionados / Senior) 224 |
| 3.9.16 | "Torneo Concello de Mos" | 26 | 27 | 35 | 28 | 116 | (57 Absolutos) 173 |
| 10.9.16 | "Memorial Adolfo Pedrido", (Vilagarcía) | 25 | 19 | 27 | 25 | 96 | (61 Absolutos) 157 |
| 17.9.16 | "Torneo Manuel Peleteiro", (Santiago) | 21 | 17 | 20 | 19 | 77 | (28 Absolutos) 105 |
| 8.10.16 | "Colegio Miralba", (Vigo) | 40 | 36 | 32 | 20 | 128 | (31 Absolutos) 159 |
| 15.10.16 | "Masterchess", (Vilagarcía) | 29 | 22 | 27 | 19 | 97 | (67 Absolutos) 163 |
| 22.10.16 | "Colegio Los Sauces", (Pontevedra) | 27 | 14 | 25 | 22 | 88 | |
| 30.10.16 | "Festival Internacional Expourense" | 72 | 64 | 41 | 36 | 213 | (18 Sub-18) 231 |
| 5.11.16 | "Open Mc Donalds", (Vilagarcía) | 37 | 31 | 29 | 28 | 125 | (71 Absolutos) 196 |


XI CIRCUITO GAL DE XADREZ


2016
FEDERACIÓN